



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Literatura Comparada		Código	613G02044
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Profesorado	Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Conceptos e métodos da literatura comparada, e práctica de proxectos comparatistas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
O alumnado mellorará o coñecemento de métodos e técnicas de análise lingüística e literaria e aplicarao ao comentario de textos, incluídos os non literarios			A3 B1 C1 A7 B2 C2 A9 B3 A10 B4 A11 B5 B7 B8
O alumnado ampliará o coñecemento das literaturas española, galega e inglesa e manexará os idiomas necesarios para a lectura de diferentes textos, e mesmo a elaboración de discursos orais e escritos. Deste xeito, aplicará e mellorará a súa capacidade para avaliar, interpretar e sintetizar con espírito crítico a información especializada.			A1 B3 C1 A2 B4 A4 B9 A7
O alumnado será quen de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e de interrelacionar os distintos aspectos destes estudos, para o cal, mellorará a utilización de recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. Finalmente, saberá relacionar os seus coñecementos cos das outras áreas e disciplinas.			A7 B1 C3 A11 B2 C6 A14 B3 B5 B6 B10
O alumnado terá a capacidade de organizar o traballo, planificando e xestionando o tempo e resolvendo problemas de forma efectiva. Será quen de se comunicar axeitadamente en calquera contorno, detectando a diversidade. Adquirirá competencia en comportamento ético, cidadanía e profesionalidade con responsabilidade social.			A4 B3 C1 A5 B4 C4 A9 B8 C5 A11 C6 A15 C7 C8

Contidos		
Temas	Subtemas	



I. Orixe, evolución e bases teóricas da literatura comparada	I.1. O comparatismo nos estudos literarios. I.2. Historia I.3. Liñas e exemplos actuais da literatura comparada
II. A posta en práctica da literatura comparada	II.1 A expresión oral pública: a arte de falar e a literatura. II.2. Literatura e arte. A écfrase. II.3. Literatura e indagación histórica. Ficción e documento II.4. Mitos e lendas na literatura e o cine

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A1 A4 A5 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B10 C4 C6 C7 C8	2	1	3
Estudo de casos	A1 A4 A5 A7 A9 A10 A11 A14 A15	3	3	6
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A5 B6 B7 B9 C5	2	16	18
Obradoiro	A1 A2 A4 A5 B4 B5 C1	2	1	3
Presentación oral	A4 A7 A9 B4 C1 C3	4	8	12
Sesión maxistral	A3 A7	16	27	43
Análise de fontes documentais	A3 A11 B1 C2 C3	2.5	22	24.5
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Aprendizaxe colaborativa	O método de traballo na aula conleva este tipo de aprendizaxe
Estudo de casos	Estudiaranse na aula casos concretos de análise literaria comparada
Traballos tutelados	Os alumnos elaborarán un traballo de literatura comparada
Obradoiro	Traballo na aula que será seguido e orientado polo docente
Presentación oral	Exposición do traballo na propia aula ou, no seu caso, ante o docente.
Sesión maxistral	Nas sesións maxistrais o docente exporá os fundamentos da materia e dará cabida á participación do alumno de xeito interactivo. Tamén explicará a teoría relativa á análise de fontes documentais e a preparación do estudo de casos, ata completar o total de clases teóricas das catorce semanas de curso.
Análise de fontes documentais	Exame dos documentos necesarios para realizar estudos comparados

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	No traballo, o docente fará un seguimento do achado do tema, fontes documentais utilizadas, orixinalidade e idoneidade do asunto, pasos previstos no seu desenvolvemento, perspectivas e obxectivos marcados.
Análise de fontes documentais	Na análise de fontes documentais para o estudo comparado, o docente atenderá os problemas de interpretación que lle xurdan a cada estudiante.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A5 B6 B7 B9 C5	A idoneidade, coherencia e valor académico do traballo proposto serán tidos en conta na súa cualificación	80
Presentación oral	A4 A7 A9 B4 C1 C3	Habilidade comunicativa e destreza no dominio da lingua oral durante a exposición do proxecto de investigación na aula ou, no seu caso, na explicación oral da segunda oportunidade.	20

Observacións avaliación

Na aula, ao comezo do curso, especificarase os pormenores da realización do traballo tutelado. A presentación oral dese traballo (duración e ferramentas empregadas) realizarase nos últimos días do curso. Os plaxios serán detectados coa aplicación informática que a UDC pon a disposición dos docentes e os traballos nos que o alumno plaxie serán penalizados cun 0,00.

A proba da primeira oportunidade consistirá na entrega dese traballo, axeitadamente deseñado e impresos. Será considerado NP o alumno que non o entregue.

Na segunda oportunidade, a proba consistirá na entrega dese traballo tutelado e a súa exposición (que será gravada).

O estudiante que se presente á convocatoria adiantada (en decembro) deberá axustarse ás normas que rexen para a 2º oportunidade (a de xullo).

Os traballos deben expoñerse e redactarse con corrección lingüística: o docente baixará a nota por errores de acentuación, ortografía, puntuación ou concordancia sintáctica. Ou por redundancias excesivas, falta de precisión ou pobreza léxica, uso de abreviaturas ou utilización dun rexistro non formal.

Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" (artículo 14).

Ao alumnado repetidor, se lle

facilitará a realización de actividades.

O alumnado con exención de asistencia,

por razóns laborais ou doutra índole, deberán poñerse en contacto co docente ao inicio do curso -e non máis tarde- para a organización da súa docencia. Programaranse titorías presenciais e non presencias para cursar satisfactoriamente a materia.

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos disponíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- ABÚIN GONZÁLEZ, Anxo / DOMÍNGUEZ PRIETO, César (2006). A Literatura Comparada hoxe, I Boletín Galego de Literatura, 33, . Santiago de Compostela, Universidade de Santiago- ABÚIN GONZÁLEZ, Anxo / DOMÍNGUEZ PRIETO, César (2006). A Literatura Comparada hoxe, II, Boletín Galego de Literatura, 34. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago- BASSNETT, Susan et alii (edición de Dolores Romero López) (1998). Orientaciones en literatura comparada. Madrid, Arco- GNISCI, Armando / SINOPOLI, Franca et alii (2002). Introducción a la literatura comparada. Barcelona, Crítica- GUILLÉN, Claudio (2005 (1ª edición, 1985)). Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada (ayer y hoy). Barcelona, Crítica- LLOVET, Jordi ET ALII (2005, 2012). Teoría literaria y literatura comparada. Barcelona, Ariel- MARTÍNEZ TEJERO, Crustina; PÉREZ ISASI, Santiago (eds.) (2019). Perspetivas críticas sobre os estudos ibéricos. Venecia, Edizioni Ca? Foscari.- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia (2015). La literatura comparada en la Península Ibérica desde un enfoque sistémico e interliterario. Madrid, Universidad Complutense- TÖTÖSY DE ZEPETNEK, Steven (1998). Comparative literature: theory, method, application. Amsterdam, Rodopi- VEGA, María José / CARBONELL, Neus (1998). La literatura comparada: principios y métodos. Madrid, Gredos- VILLANUEVA, Darío (1991). El polen de ideas. Teoría, crítica, historia y literatura comparada. Barcelona, Promociones y Publicaciones Universitarias
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Non faltar a clase durante o curso. O primeiro día indicaranse os textos que se irán comentando e debatendo na aula cada semana.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías